



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria

Fernández Ladreda, 43 – 6º  
36003 Pontevedra  
Tlf. 986 805 543 – fax 986 805 548  
coordinacion.cultura.pontevedra@xunta.es  
<http://cultura.xunta.es>

galicia

**RESOLVO**

**Autorizar** o proxecto de construción de dúas pozas e a canalización subterránea correspondente. Non obstante, cómpre realizar un control arqueolóxico dos movementos de terra e, a estes efectos, non hai impedimento en que os traballos se realicen ao abeiro do proxecto arqueolóxico xa tramitado e autorizado o 6 de agosto de 2013 (código asignado ED 102A 2013/307-0) en referencia ao expediente 645/13 que constitúe antecedente deste expediente.

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento da normativa urbanística vixente.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo co artigo 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Mediante este documento notifícase ao Concello de Caldas de Reis esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Pontevedra, 13 de marzo de 2014



A directora xeral de Patrimonio Cultural

p.d.: Resolución do 03-02-2012

O chefe de servizo de Coordinación da Área Cultural

José Manuel González González